

ACTA NÚMERO: 38/2025

ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 9 DE OUTUBRO DE 2025.

Na sala de comisións do Pazo Provincial sendo as 10 horas do día 9 de outubro de 2025 reúnen os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

Presidenta: D María Pilar Ramallo Vázquez, Deputada do Grupo Provincial do Partido Popular.

Vogais da Mesa de Contratación:

- D. Antonio Graña Gómez, Interventor da Deputación.
- D. Manuel Carramal Silva, Xefe da Sección de Informes da Secretaría.
- D. José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.
- Dona Yolanda Lois Peón, Técnica de Xestión Documental do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Secretario: D. Pablo Montero Carrera, Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

ORDE DO DÍA:

1. *Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día, 2 de outubro de 2025 (Reunión 37/2025).*
2. *Apertura electrónica dos sobres "únicos", correspondentes á documentación administrativa e as ofertas avaliadas mediante fórmulas, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do "servizo de deseño, organización e desenvolvemento de xornadas e workshops de empoderamento dirixidas ás comunidades de usuarios de auga da provincia de Pontevedra". (Expte.- 2025045281).*

Non asistiron os vogais permanentes da Mesa de Contratación, Dona María Ortega Iñarrea, Deputada do grupo provincial do BNG, Don Gregorio Luís Agís Gómez, Deputado do Grupo Provincial do PSdeG, Dona María Belén Pampín Camino, Xefa da Sección de Seguridade Viaria do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais e D. Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal.

Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidenta, os asistentes manifestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.

1. *Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día, 2 de outubro de 2025 (Reunión 37/2025).*

Os membros que forman parte da Mesa de Contratación que estiveron presentes na reunión votan a favor da aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día, 2 de outubro de 2025 (Reunión 37/2025).



2. Apertura electrónica dos sobres "únicos", correspondentes á documentación administrativa e as ofertas avaliables mediante fórmulas, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do "servizo de deseño, organización e desenvolvemento de xornadas e workshops de empoderamento dirixidas ás comunidades de usuarios de auga da provincia de Pontevedra". (Expte.- 2025045281).

O Secretario informa que por Resolución Presidencial nº 2025007615, de data 19 de setembro de 2025, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto simplificado, do *"Servizo de deseño, organización e desenvolvemento de xornadas e workshops de empoderamento dirixidas ás comunidades de usuarios de auga da provincia de Pontevedra"*.

Na mesma data, publicáronse no Perfil de Contratación da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas que rexen este procedemento.

O Secretario da Mesa de Contratación comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á desenscriptación e descarga da documentación dos sobres correspondente á documentación administrativa e ofertas presentadas polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación dos sobre únicos presentaron oferta dúas empresas co seguinte resultado:

Empresa admitida:

- SOLUCIONES PARA EL RURAL INTEGA, S.L. (NIF: B94127081)

Empresa excluída:

- SARARTE, S.L (NIF: B70223599)
 - o Motivo de exclusión: Na proposta económica (Anexo I), o orzamento base de licitación ofertado, sen IVE, ascende á contía de 25.190,08 euros, a cal excede o importe máximo fixado nos pregos para esta contratación. De conformidade co sinalado na cláusula 9.1 PCAP, "os licitadores ofertarán un prezo total, sen IVE, sendo o importe máximo 24.793,39 €, para todos os produtos integrantes do contrato (...)"

Os valores ofertados pola empresa admitida no procedemento son os seguintes:

SOLUCIONES PARA EL RURAL INTEGA, S.L. (NIF: B94127081):

1. Prezo ofertado:

Importe ofertado, sen IVE	18.599,00 €
IVE (21%)	3.905,79 €



Importe total ofertado, co IVE

22.504,79 €

- 2. Número de horas de charlas, congresos ou obradoiros relacionadas coa auga, o medio ambiente ou a sustentabilidade, impartidas polo técnico formador coa titulación de enxeñeiro de camiños, canais e portos nos últimos dez anos:**

Número de horas	5.000
-----------------	-------

- 3. Número de horas de charlas, congresos ou obradoiros relacionadas coa auga, o medio ambiente ou a sustentabilidade, impartidas polo técnico formador coa titulación de biólogo/a nos últimos dez anos:**

Número de horas	39
-----------------	----

- 4. Número de horas de charlas, congresos ou obradoiros relacionadas coa auga, o medio ambiente ou a sustentabilidade, impartidas polo técnico formador coa titulación de químico/a nos últimos dez anos:**

Número de horas	1.247
-----------------	-------

Unha vez efectuada a ponderación dos valores ofertados correspondentes aos criterios de valoración automática, de conformidade co establecido nos pregos, a puntuación obtida polas empresas é a seguinte:

Criterios de adxudicación	Puntuación máxima	SOLUCIONES PARA EL RURAL INTEGA, S.L.
Menor prezo ofertado, sen IVE	49,000 puntos	49,000 puntos
Nº de horas de charlas, congresos ou obradoiros impartidos polo técnico formador coa titulación de enxeñeiro de camiños	25,000 puntos	0,000 puntos*
Nº de horas de charlas, congresos ou obradoiros impartidos polo técnico formador coa titulación de biólogo/a	13,000 puntos	13,000 puntos**
Nº de horas de charlas, congresos ou obradoiros impartidos polo técnico formador coa titulación de químico/a	13,000 puntos	13,000 puntos***
TOTAL PUNTUACIÓN SOBRE “ÚNICO”	100,000 puntos	75,000 puntos

*Non achega certificado de servizos prestados ou, no seu defecto, declaración responsable mediante a que se acredite o cumprimento do criterio polo perfil do técnico formador con titulación de enxeñeiro/a de camiños. De conformidade coa cláusula particular 9.1 do PCAP, “a experiencia adicional ofertada que non se acrediten mediante a achega da referida documentación ou que non cumpran os requisitos esixidos non se valorarán (puntuarase con 0 puntos o criterio correspondente)”.

** Para a valoración do criterio, tomáronse en consideración 27 horas, por cumprir o requisito do criterio de ter sido impartidas nos últimos 10 anos.



***Para a valoración do criterio, tomáronse en consideración 1.237 horas, por estar relacionadas coa auga, medio ambiente ou sustentabilidade.

A Mesa de Contratación ACORDA:

1. Propor ao órgano de contratación a exclusión da empresa SARARTE, S.L. (NIF: B70223599) do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do “servizo de deseño, organización e desenvolvemento de xornadas e workshops de empoderamento dirixidas ás comunidades de usuarios de auga da provincia de Pontevedra” porque na proposta económica (Anexo I), o orzamento base de licitación ofertado, sen IVE, excede do importe máximo fixado nos pregos para esta contratación. De conformidade co sinalado na cláusula 9.1 PCAP, “os licitadores ofertarán un prezo total, sen IVE, sendo o importe máximo 24.793,39 €, para todos os produtos integrantes do contrato (...)”
2. Admitir á empresa SOLUCIONES PARA EL RURAL INTEGA, S.L. (NIF: B94127081) no procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do referido servizo.
3. Aprobar a clasificación das ofertas presentadas polas empresas que participan no procedemento simplificado convocado para a contratación do “servizo de deseño, organización e desenvolvemento de xornadas e workshops de empoderamento dirixidas ás comunidades de usuarios de auga da provincia de Pontevedra”, que resulta como segue:

POSICIÓN	EMPRESA LICITADORA	PUNTUACIÓN TOTAL SOBRE “ÚNICO”
1º	SOLUCIONES PARA EL RURAL INTEGA, S.L. (NIF: B94127081)	75,000 puntos

4. Propor ao órgano de contratación a adxudicación do contrato á empresa SOLUCIONES PARA EL RURAL INTEGA, S.L. (NIF: B94127081), que alcanzou a maior puntuación total.

A Mesa de Contratación comproba que a empresa proposta como adxudicataria figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector que acredita, a tenor del reflectido e salvo proba en contrario, que se atopa debidamente constituída e non está incurso en ningunha prohibición de contratar.

5. Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que proceda a requirirlle á empresa proposta como adxudicataria mediante comunicación electrónica, para que no prazo de 7 días hábiles, presente o resto de documentación esixida, de conformidade co establecido no artigo 159.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

De non cubrirese adecuadamente o requirimento no prazo sinalado entenderase que a persoa licitadora retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a esixirle o importe do 3% do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

Non producíndose ningunha incidencia digna de apuntar, dáse por terminado o acto as dez horas e doce minutos, e esténdese a presente Acta, que asinan comigo, o Secretario, a Presidenta da Mesa de Contratación.

